

GIRL

[Lukas Dhont, 2018]

441

ESTREA EN NUMAX: 28.09.2018 | V.O.S.E.

Girl (2018, 105')

Dirección: Lukas Dhont

Guión: Lukas Dhont, Angelo Tijssens

Elenco: Victor Polster, Valentijn Dhaenens, Nele Hardiman, Ariele Worthalter

Son: Yanna Soentjens

Montaxe: Alain Dessauvage

Música: Valentin Hadjadj

Dirección de arte: Philippe Bertin

Vestuario: Catherine Van Bree

Fotografía: Frank van den Eeden

Produtoras: Menuet bvba, Frakas Productions, Topkapi Films (Bélxica)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.66:1

Idioma orixinal: Francés, flamenco, inglés

PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2018 (Cámara de Ouro, FIPRESCI, Palma Queer, Mellor actor da sección Un Certain Regard), Oscar 2019 (Candidata de Bélxica), Donostia 2018 (Sección Perlas)

FILMOGRAFÍA

Corps perdu, 2012 [curtametraxe]

SINOPSE

Lara, de 15 anos, soña con converterse en bailarina. Co apoio de seu pai, lánzase de cheo a esta busca interminábel. Pero o seu corpo non se dobre tan facilmente á disciplina que lle impón, porque en realidade cando naceu era un neno.

«Ten todos os méritos artísticos e a temática axeitada (a cuestión transxénero) para se converter nun dos filmes máis comentados dos vindeiros meses»

Diego Batlle, OTROS CINES EUROPA



Nota do director

Cando era neno, meu pai quería que fose boy scout. Cada dúas semanas levábanos a min e a meu irmán a que xogásemos con outros rapaces na lama ou fósomos de cámping. Ambos odiabamos iso. Nós preferíamos cantar e bailar porque así sentíamos que nos expresabamos como realmente eramos. Podes imaxinar o confuso que foi comprender non moito despois que iso se vía como algo feminino, «para rapazas». Eu era un rapaz así que, como me podía gustar iso? Así que finalmente deixei de facelo porque non quería que risen de min.

Moitos anos despois, cando empecei estudar cinema, lin un artigo nun xornal sobre unha moza. Ela naceu sendo varón, pero convencida de que era unha muller de feito. Aínda que o seu corpo bioloxicamente non estivese de acordo. A miña admiración por ela foi inmediata. Apaixóname poder mostrar personaxes como esta valente moza, que retou a unha sociedade onde xénero e sexo están inevitabelmente unidos.

E aí comezou *Girl*. Na necesidade de contar algo sobre a percepción do xénero, sobre feminidade e masculinidade. Pero máis importante aínda, sobre a loita interna dunha heroína arriscando a súa integridade física por poder chegar a ser quen soñaba. Alguén que elixe ser o seu auténtico eu con só 15 anos, cando outros tardan unha vida en acadalo.

Publicado en vertigofilms.es

“Fascínanme os personaxes capaces de rachar as normas”

Entrevista con Lukas Dhont

Por Christie Huysmans

***Girl* trata do corpo, que está sempre exposto na nosa sociedade.** Si, pero o corpo que se expón na nosa sociedade é o corpo perfecto. Paradoxalmente o corpo como vehículo das nosas percepcións sensoriais e de contacto co outro converteuse nun tabú. Estamos todo o tempo enfrontando unha cultura da perfección que induce á comparación constante con iconas e modelos, porén a relación íntima, natural e complexa que cadaquén mantén co seu propio corpo, así como a relación cos corpos dos demais, é adoito elidida e moi rara vez mostrada. Todas esas dimensións son exploradas no filme e van alén da problemática transxénero. É por iso que *Girl* tenta ser un filme universal. O corpo de Lara, que naceu no corpo dun rapaz, móstrase en toda a súa complexidade, con todas as súas arestas e asperezas, tanto as interiores como as exteriores.

A transformación é un tema presente no seu cinema... Certo que si, desde o meu debut. Mais trátase dunha transformación vivida e explorada como superación; superación dos límites persoais, das normas que regulan a comunidade á que se pertence, e as barreiras sociais relativas á alteridade.

Mesmo diría que, a título persoal, estou constantemente nun proceso de superación dos meus límites como realizador. Fascínanme os personaxes capaces de rachar as normas, xa sexan internas ou externas, e que teñen certa urxencia por conseguilo para chegar a un novo lugar.

Fálenos do seu encontro coa moza que inspirou o filme...

Ao ler no xornal a historia desta moza fíquei atraído polo carácter universal da súa aproximación ao corpo. Contactei con ela en 2009 mais naquela altura tivo que declinar o encontro pois o proceso de transformación que estaba a vivir era tan intenso que non era quen de falar do tema. Cando nos atopamos en 2014 tivemos conversas moi intensas nas que eu quería comprender o que ela sentía no máis profundo, captar da maneira máis xusta e precisa posíbel non só as súas sensacións e o seu mundo interior senón a maneira de relacionarse co seu corpo no exterior. Hai tres cousas que me impresionaron especialmente: a primeira foi a súa pouca autoestima que a facían incapaz de recoñecer o seu propio valor; a segunda era a maneira en que explicaba como tiña vivido nun corpo totalmente estraño a ela mesma; e a terceira é o seu desexo de ser considerada como unha moza, simplemente, non como unha rapaza transxénero.

Publicado en cinema-be.be/
 Traducións: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org



Abónete agora e ven sempre por 4€

Novas tarifas válidas a partir do 6 de xullo

Faite NUMAX!